



ANUNCIO

Entre os días 15 de maio e 15 de xuño de 2026 pódese solicitar praza na Escola Infantil Municipal de Mondariz Balneario para o curso 2026-2027.

A solicitude de inscrición está a disposición dos usuarios na páxina web (apartado Información municipal -> Impresos, modelos e trámites) e tamén nas oficinas do Concello.

Deberá achegarse xunto coa solicitude:

- Libro de Familia ou Inscrición no Rexistro Civil onde apareza o alumno para o que se solicita o ingreso.
- DNI ou Pasaporte do pai e da nai ou titores.
- Certificado de convivencia expedido polo Concello de residencia.
- Copia da última declaración da renda, de todos os membros da unidade familiar ou, no seu defecto, certificado emitido pola Delegación de Facenda que avale a súa non presentación.
- Documentación xustificativa da situación laboral ou de cursar estudos oficiais: A última nómina ou xustificación da situación laboral no momento da solicitude con especificación da xornada laboral. No caso de cursar estudos oficiais, certificación que acredite tal circunstancia para o curso correspondente. Tarxeta de desempregado.
- Outros documentos acreditativos de todas aquelas situacións que, por baremo sexan susceptibles de puntuación.
- Certificado médico do neno ou nena.
- Carné de vacinación actualizado.
- Fotocopia da cartilla da Seguridade Social ou documento equivalente.
- Catro fotografías tamaño carné.

Pódese solicitar información na Escola Infantil Municipal ou nas oficinas do Concello.

Asdo. dixitalmente á marxe: O alcalde
César Gil Bernárdez.

